

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DE MICROCREDENCIAIS, NO MARCO DO COMPOÑENTE 21, INVESTIMENTO 6 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

COMPARECEN

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

D. Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 85 dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 14/2014.



D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 110/2022, do 9 xuño, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades así como a coordinación do sistema universitario, tal e como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia, e se especifica no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

SEGUNDO. A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario establece no seu artigo 7 que as universidades poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos vinculados coa formación ao longo da vida. En concreto, determina que a formación ao longo da vida poderá desenvolverse mediante distintas modalidades de ensino, incluídas microcredenciais, micromódulos ou outros programas de curta duración.

Así mesmo, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, recoñece o rol das universidades como puntal da sociedade do coñecemento e como institucións indispensables para lograr a cohesión económica e social, polo que a formación que ofrecen debe dar resposta ás necesidades relacionadas coa formación permanente, entendendo o estudo na universidade como un *continuum* na vida das persoas, debe atender a estas demandas e adaptarse ás novas necesidades sociais, de xeito que contribúa a fortalecer a cohesión social e a reducir



as desigualdades.

TERCEIRO. O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no seu artigo 17 establece o seguinte:

“Os estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acadar os obxectivos establecidos no artigo 4. Nos ditos plans establecerase o programa de reformas e investimentos do Estado membro de que se trate. Os plans de recuperación e resiliencia que poden optar ao financiamento ao abeiro do Mecanismo incluírán un conxunto de medidas coherente e exhaustivo de medidas de execución das reformas e de investimento público, que poderá incluír tamén programas públicos destinados a incentivar o investimento.”

CUARTO. Ao abeiro do establecido no citado regulamento, por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, aprobouse o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que foi modificado en virtude do Acordo do Consello de Ministros do 6 de xuño de 2023, polo que se aprobou a Addenda ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en adiante PRTR).

Entre as medidas recollidas no mencionado plan o Compoñente 21 Investimento 6 (C21-I6) está o Plan para o Desenvolvemento de Microcredenciais Universitarias, cuxo obxectivo é impulsar unha nova oferta de microcredenciais universitarias para a recualificación da poboación adulta mediante formacións breves, flexibles, modulares, acumulables e orientadas á adquisición de habilidades e competencias concretas requiridas no ámbito laboral.

QUINTO. O 19 de decembro de 2023, o Consello de Ministros acordou autorizar a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos a xestionar polas Comunidades Autónomas para o Plan de Desenvolvemento de Microcredenciais Universitarias no marco do Compoñente 21, Investimento 6 do PRTR para os exercicios 2023, 2024, 2025 e 2026. A dita proposta foi aprobada por acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria na súa reunión do 21 de decembro de 2023.

Finalmente, por Orde da Ministra de Ciencia, Innovación e Universidades do 27



de decembro de 2023, acordouse a efectiva distribución dos créditos ás respectivas Comunidades Autónomas e formalizáronse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia Xeneral de Política Universitaria do 21 de decembro de 2023, así como o reparto resultante para as Comunidades Autónomas do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento no marco do Compoñente 21 Inversión 6 do PRTR, por un importe total de 48.500.000 euros.

SEXTO. O 5 de xaneiro de 2024 o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades procedeu a ingresar na conta xeral do Tesouro da Xunta de Galicia a cantidade correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia por importe total de 2.649.216 euros.

De acordo co anterior, as partes manifestan o desexo común de colaborar no desenvolvemento e execución de microcredenciais no marco do Compoñente 21 do PRTR para o cal acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións para o desenvolvemento e execución de microcredenciais polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (en adiante, SUG), no marco do Compoñente 21 Investimento 6 do PRTR, denominado *Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias* e na Orde da Ministra de Ciencia, Innovación e Universidades do 27 de decembro de 2023, pola que se acorda a efectiva distribución dos créditos ás respectivas comunidades autónomas e se formalizan os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia Xeneral de Política Universitaria do 21 de decembro de 2023 polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento no marco do mencionado plan.



O obxecto da presente colaboración é dar cumprimento aos dous fitos/obxectivos CID que recolle o investimento I06 do Compoñente 21:

- Fito CID 468, que consiste na aprobación dun Plan de Acción encaminado á creación dun marco para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias, o cal foi xa cumprido coa publicación na web do Ministerio de Universidades do Plan Microcreds.
- Obxectivo CID 469, que consiste na provisión de, alomenos, 60.000 unidades de microcredenciais de menos de 15 ECTS e que correspondan a 1.000 accións de formación diferentes como mínimo, coa data límite de cumprimento do segundo trimestre de 2026.

O compromiso de cumprimento dos ditos obxectivos implica a emisión por parte das tres universidades públicas do SUG dun total de 3.179 microcredenciais para persoas adultas, a través de 53 accións formativas diferentes, sendo a data límite para o cumprimento do mesmo o segundo trimestre de 2026.

O resultado final do investimento é a obtención de microcredenciais por parte de estudantes adultos/as, o cal a súa vez espérase que mellore a súa participación laboral, o desenvolvemento da súa carreira profesional e a calidade do seu emprego, así como a produtividade, competitividade e innovación no seu lugar de traballo.

SEGUNDA. Actuacións financiáveis

As actuacións financiáveis con cargo a este convenio e que se deberán desenvolver ata o 30 de xuño de 2026, son as seguintes:

1. Produción de novas formacións conducentes a microcredenciais nas universidades públicas.

Estas formacións, de formato breve (menor a 15 créditos ECTS), poderán ser presenciais, semipresenciais ou virtuais e deberán estar orientadas á adquisición de coñecementos, habilidades e competencias concretas requiridas no mercado laboral. En concreto, os contidos e obxectivos destes cursos deberán dar resposta a unha necesidade ou expresión de interese formal dalgunha empresa, administración pública, colexio profesional, asociación ou colectivo que xustifique a demanda dalgún sector produtivo



para a formación ou recualificación dos seus profesionais.

No desenvolvemento desta oferta serán de aplicación os artigos 36 e 37 do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*. Serán financiáveis as actuacións derivadas da organización, produción e impartición das accións formativas.

2. Actividades instrumentais para o desenvolvemento desta oferta.

Inclúen a formación ao persoal docente no deseño, pedagogía e avaliación na educación para adultos, con orientación profesionalizante, no contorno dixital e/ou mediante os formatos flexibles e modulares propios das microcredenciais; a adquisición de equipamento para a produción audiovisual de contidos virtuais ou o desenvolvemento do rexistro das microcredenciais en Europass.

3. Actividades de intermediación entre as universidades e os sectores produtivos, administracións públicas e entidades sociais.

Especialmente entre as micro, pequenas e medianas empresas así como cos traballadores autónomos, o terceiro sector e as administracións locais, co fin de identificar necesidades de recualificación, coordinar a colaboración e a agregación das demandas, así como a interlocución coas universidades para dar satisfacción a esas necesidades e difundir as oportunidades de recualificación.

4. Concesión de bolsas ou axudas ás persoas con rendas baixas, situación de desemprego ou outros factores de vulnerabilidade social, para facilitar o acceso á recualificación.

Para estes efectos, considérase rendas baixas aquelas que se correspondan cos limiares de renda 1 a 3 do real decreto ou instrumento normativo anual polo que se establezan os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso escolar.

Para a determinación doutros factores de vulnerabilidade social, estarase ao previsto a tal efecto no artigo 32.4 da *Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario*, ou norma que o substitúa.

5. Actividades de xestión necesarias para a organización ou impartición das formacións e/ou das bolsas ou axudas.



6. Actuacións de seguimento e avaliación das microcredenciais.

Inclúense o ensaio experimental de innovacións, a avaliación da posta en marcha, a estimación do impacto das formacións sobre as aprendizaxes e a evolución da participación laboral e a carreira profesional dos beneficiarios. As actuacións de avaliación deberán incluír espazos de reflexión, deliberación e aprendizaxe para que o coñecemento xerado reverta en melloras para a futura formulación da oferta de microcredenciais.

Co obxecto de mellorar a eficacia de futuros programas de produción de microcredenciais, as universidades realizarán unha avaliación na que se terán en conta os seguintes indicadores:

- Grao final de cumprimento do obxectivo CID asignado a cada liña de actuación
- Evolución da demanda de formación en microcredenciais universitarias
- Identificación dos ámbitos de formación máis demandados
- Obstáculos e dificultades

TERCEIRA. Requisitos das actuacións financiáveis

1. O deseño e desenvolvemento das microcredenciais deberá axustarse á "Recomendación para un enfoque europeo sobre microcredenciais para a aprendizaxe permanente e a empregabilidade" así como o Plan de acción para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias en España, que constitúe un fito do Investimento 6 do Compoñente 21, e en concreto:

- a) A oferta de microcredenciais deberá estar orientada á recualificación da poboación de 25 a 64 anos, cumpridos á data do comezo do curso.
- b) O deseño das microcredenciais deberá estar enfocado de forma explícita a resultados de aprendizaxe específicos.
- c) A emisión das microcredenciais estará condicionada á avaliación positiva dos coñecementos, habilidades ou competencias adquiridos por parte dos participantes.
- d) De xeito xeral, o prezo de matrícula das microcredenciais non será inferior ao 30% dos custes directos de produción e impartición e, en todo caso, o dito prezo non poderá superar os custes de produción e impartición, que se estima en 94 euros por alumno/a e crédito ECTS.
- e) Para o 25% do alumnado a matrícula poderá ser gratuíta ou ter un custe inferior, de acordo con criterios de necesidade económica e social do alumnado. As universidades comprométese a que unha parte da oferta das microcredenciais orientarase a colectivos de persoas en vulnerabilidade



social e necesidades formativas específicas, en colaboración con entidades sociais ou con administracións competentes en materia de acción social e/ou migracións.

- f) A oferta de microcredenciais basearase nunha prospección das necesidades de recualificación da poboación adulta, así como dos sectores produtivos, as administracións e as entidades sociais, co obxecto de facilitar a programación e actualización de microcredenciais relevantes para as persoas traballadoras e os/as seus/súas empregadores/as.
- g) As microcredenciais deberán adoptar a certificación dixital co obxecto de garantir a seguridade, veracidade e portabilidade internacional e posibilitar a súa almacenaxe e visualización na carteira dixital do novo Europass.
- h) Deberá cumprirse coas medidas de información, comunicación e visibilidade, así como cos criterios de imaxe institucional establecidas na cláusula décima.

2. As actuacións financiáveis non poderán promocionar as seguintes actividades:

a) Actividades relacionadas con combustibles fósiles, incluído o uso posterior salvo que se refiran á xeración de electricidade e/ou calor, así como a infraestrutura de transporte e distribución conexas, utilizando gas natural que cumpran coas condicións previstas no Anexo III da Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo».

b) Actividades incluídas no réxime de comercio de dereitos de emisión (RCDE) da UE cuxas emisións de gases de efecto invernadoiro estimadas non sexan inferiores aos parámetros de referencia. En caso de que a actividade sufragada non conduza cara a unhas estimacións de emisións de gases de efecto invernadoiro que sexan significativamente inferiores aos parámetros previstos, deberá aportarse unha memoria na que se detallen as razóns que o impidan. Os valores revisados dos parámetros de referencia para a asignación gratuita de dereitos de emisión se prevén no Regulamento de Execución (UE) 2021/447 da Comisión de 12 de marzo de 2021.

c) A compensación dos custes indirectos no RCDE UE.

d) Actividades relativas á disposición de residuos en vertedoiros, en incineradoras e en plantas de tratamento mecánico biolóxico. Esta exclusión non afecta a aquelas medidas que invistan en plantas que se dediquen de forma exclusiva ao tratamento de residuos perigosos non reciclables sempre



a cando as medidas sufragadas teñan por obxecto: incrementar a eficiencia enerxética, a captura de gases de escape para o seu almacenamento ou o uso ou recuperación de materiais das cinzas de incineración; e, non supoñan un aumento da capacidade de procesamento de residuos ou unha extensión da vida útil da planta.

e) Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar dano ao medio ambiente.

CUARTA. Financiamento

O importe total destinado ao plan na Comunidade Autónoma de Galicia, 2.649.216 euros, foi ingresado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades na conta xeral do Tesouro da Xunta de Galicia o 5 de xaneiro de 2024, imputándose á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que achegará a dita cantidade con cargo a aplicación orzamentaria 07.02.422C.444.7 *Microcredenciais universitarias*, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do convenio no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.

QUINTA. Distribución dos fondos e pagamento

1. Para determinar a contía correspondente a cada universidade, así como o número de microcredenciais a emitir por cada unha delas, aplícase o criterio de poboación, en concreto a porcentaxe respecto do total, da cifra oficial de poboación de 25 a 64 anos, que constitúe a poboación obxectivo das microcredenciais universitarias, de acordo cos datos dos sete concellos nos que se sitúan os campus universitarios, publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2023, resultando a seguinte distribución:



Distribución segundo poboación de 25 a 64 anos nos concellos dos campus (Datos IGE 2023)	Accións formativas diferentes	Microcredenciais a emitir	Distribución de fondos
TOTAL	53	3179	2.649.216,00 €
UDC (A Coruña / Ferrol)	16	989	824.171,10 €
USC (Santiago / Lugo)	11	642	535.141,63 €
UVIGO (Vigo / Pontevedra / Ourense)	26	1548	1.289.903,27 €

Por tratarse de fondos MRR están legalmente afectados a financiar os proxectos ou liñas de acción que se integran dentro do PRTR co grao de detalle que se especifica no mesmo, non podendo imputarse custes financeiros nin impostos indirectos, como o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Neste caso, o Plan para o Desenvolvemento de Microcredenciais Universitarias especifica a distribución do financiamento en contías correspondentes a cada unha das seis actuacións financiáveis, definidas na cláusula terceira do presente convenio, resultando a seguinte distribución, sen que poda realizarse o transvase de fondos entre as diferentes liñas de actuación:

Distribución segundo poboación de 25 a 64 anos nos concellos dos campus (Datos IGE 2023)	Produción de formación conducente a microcredenciais	Actividades instrumentais	Actividades de intermediación	Custes de xestión	Axudas ao acceso	Avaliación e transferencia	TOTAL
TOTAL	2.091.820,00 €	104.591,00 €	104.591,00 €	62.755,00 €	224.124,00 €	61.335,00 €	2.649.216,00 €
UDC	650.765,20 €	32.538,26 €	32.538,26 €	19.523,08 €	69.724,98 €	19.081,32 €	824.171,10 €
USC	422.547,64 €	21.127,38 €	21.127,38 €	12.676,51 €	45.273,05 €	12.389,67 €	535.141,63 €
UVIGO	1.018.507,16 €	50.925,36 €	50.925,36 €	30.555,41 €	109.125,98 €	29.864,01 €	1.289.903,27 €

O investimento nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio deberá realizarse nas anualidades 2025 e 2026 co obxecto de acadar o obxectivo CID do Compoñente 21 na data límite do 30 de xuño de 2026, conforme á seguinte distribución por anualidades:

EXERCICIO 2025	Produción de formación conducente a microcredenciais	Actividades instrumentais	Actividades de intermediación	Custes de xestión	Axudas ao acceso	Avaliación e transferencia	TOTAL
TOTAL	1.463.917,73 €	73.195,89 €	73.195,89 €	43.917,81 €	156.848,63 €	42.924,05 €	1.854.000,00 €
UDC	455.424,81 €	22.771,24 €	22.771,24 €	13.662,83 €	48.795,61 €	13.353,67 €	576.779,40 €
USC	295.711,38 €	14.785,57 €	14.785,57 €	8.871,40 €	31.683,42 €	8.670,66 €	374.508,00 €
UVIGO	712.781,54 €	35.639,08 €	35.639,08 €	21.383,58 €	76.369,60 €	20.899,72 €	902.712,60 €



EXERCICIO 2026	Produción de formación conducente a microcredenciais	Actividades instrumentais	Actividades de intermediación	Custes de xestión	Axudas ao acceso	Avaliación e transferencia	TOTAL
TOTAL	627.902,27 €	31.395,11 €	31.395,11 €	18.837,19 €	67.275,37 €	18.410,95 €	795.216,00 €
UDC	195.340,40 €	9.767,02 €	9.767,02 €	5.860,25 €	20.929,37 €	5.727,65 €	247.391,70 €
USC	126.836,26 €	6.341,81 €	6.341,81 €	3.805,11 €	13.589,63 €	3.719,01 €	160.633,63 €
UVIGO	305.725,61 €	15.286,28 €	15.286,28 €	9.171,83 €	32.756,38 €	8.964,29 €	387.190,67 €

2. O pagamento do importe total financiado, 2.649.216 euros realizarase do xeito seguinte:

- Un pagamento anticipado do 100% do crédito da anualidade correspondente a 2025, 1.854.000 euros, no momento da sinatura do convenio.
- Un segundo pagamento do crédito da anualidade do 2026, 795.216 euros, previa xustificación do gasto realizado con cargo ao exercicio 2025, nos termos establecidos na cláusula undécima.

O pagamento anticipado está exento da constitución de garantía por parte das universidades de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 54 da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

De conformidade co artigo 31.7 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto as universidades non se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA. Modificación da distribución dos fondos

Coa finalidade de adecuar a achega de financiamento a cada unha das universidades ao ritmo de execución efectiva das actuacións obxecto do presente convenio, a Consellería e as universidades poderán, previo acordo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo quinta, reaxustar a distribución dos créditos entre anualidades así como o reparto das contías entre as tres universidades respectando,



en todo caso, o número total de microcredenciais, a contía total, así como a súa distribución entre as distintas accións contempladas no plan obxecto do convenio.

O acto polo que se acorde esta modificación será ditado pola persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, previo informe favorable da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo quinta do convenio e a tramitación do correspondente expediente económico, sen incrementar o importe total da axuda concedida ao conxunto as entidades beneficiarias.

Ao remate de cada anualidade, a Comisión de Seguimento elaborará un informe que recollerá todas as modificacións que en virtude desta cláusula se producen ao longo da mesma, para que se reflicta o importe de cada anualidade total dos fondos que se teñan recibido definitiva e efectivamente por cada entidade beneficiaria durante o mesmo.

SÉTIMA. Gastos subvencionables

1. De acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral da subvencións, serán subvencionables aqueles gastos que execute a universidade e que indubidablemente respondan á natureza das actividades subvencionadas que conforman as diferentes liñas de actuación a executar, sexan estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido na cláusula segunda do convenio.

A elixibilidade de gastos a financiar ao abeiro deste convenio está suxeita ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e os futuros desenvolvementos deste regulamento.

2. Gastos elixibles

2.1 Producción de novas formacións conducentes a microcredenciais nas universidades públicas.

- a) Contratación de persoal docente coa cualificación necesaria para o deseño, organización e produción de microcredenciais, sempre que a contratación sexa exclusivamente para esta actividade e non teña dobre financiamento.
- b) Contratación de persoal de xestión exclusivamente para a execución do programa.



c) Gastos en bens e servizos directamente vinculados coa produción das microcredenciais. Ex.: material inventariable e equipamento, adquisición de material funxible e outros gastos complementarios directamente vinculados co deseño, organización e produción das microcredenciais. Todos estes gastos deben ser debidamente xustificados e necesarios para o bo fin do proxecto.

d) Calquera outro gasto non incluído no resto de conceptos subvencionables que estea directamente relacionado coa xestión para a organización ou impartición das microcredenciais.

2.2 Actividades instrumentais para o desenvolvemento da oferta de microcredenciais.

a) Gastos de persoal para a formación do persoal docente no deseño, pedagogía e avaliación na educación para adultos, con orientación profesionalizante, no contorno dixital e/ou mediante formatos flexibles e modulares propios das microcredenciais.

b) Gastos en bens en servizos directamente vinculados coa formación do persoal docente no deseño, pedagogía e avaliación na educación para adultos, con orientación profesionalizante, no contorno dixital e/ou mediante formatos flexibles e modulares propios das microcredenciais. Todos estes gastos deben ser debidamente xustificados e necesarios para o bo fin do proxecto.

c) Outros gastos vinculados con actividades instrumentais. Ex.: adquisición de equipamento para a produción audiovisual de contidos virtuais ou o desenvolvemento do rexistro das microcredenciais en Europass, desenvolvemento de plataformas informáticas...

2.3 Actividades de intermediación entre as universidades e os sectores produtivos, administracións públicas e entidades sociais.

Gastos en servizos para o desenvolvemento de actividades de intermediación, como a organización e celebración de foros, xuntanzas, comunicación e publicidade, campañas de difusión e presentación en xornadas específicas orientadas a persoas e empresas potencialmente interesadas, sempre que sexan necesarias para acadar o fito ou estea prevista na estimación de custes inicial do investimento.



2.4 Concesión de bolsas ou axudas ás persoas con rendas baixas, situación de desemprego ou outros factores de vulnerabilidade social, para facilitar o acceso á recualificación.

Custes asociados ás bolsas e axudas do importe das matrículas dos destinatarios das microcredenciais que teñan rendas baixas, a condición de desempregados e/ou persoas en risco de exclusión social.

2.5 Actividades de xestión necesarias para a organización ou impartición.

Contratación de persoal de xestión para a organización ou impartición da formación e a obtención das microcredenciais ou a contratación de persoal para a xestión das bolsas e axudas, sempre que a contratación sexa exclusivamente para esta actividade.

2.6 Actuacións de seguimento e avaliación das microcredenciais.

Gastos vinculados co seguimento e avaliación das microcredenciais. Ex.: gastos de avaliación de resultados a través de informes, auditorías, enquisas etc., gastos vinculados coa publicación de resultados etc.

Gasto derivado da revisión da conta xustificativa polo auditor, de acordo co establecido na cláusula undécima deste convenio.

3. Sen prexuízo do anterior, existen as seguintes limitacións:

- a) Os gastos producidos na formación están legalmente afectados a financiar os proxectos ou liñas de acción que se integren no PRTR, co grao de detalle especificado no mesmo.
- b) A imputación de gastos de persoal debe estar dirixida exclusivamente ás tarefas realizadas para a execución das actividades subvencionadas. Para estes efectos, e cando o persoal realice outras tarefas, deberase acreditar a imputación mediante nóminas específicas do traballo, independentes das súas tarefas ordinarias, ou ben deberán constar de forma diferenciada na nómina, así como certificados correspondentes de imputación ao Plan.



- c) A imputación de gastos inventariables está limitada á adquisición de equipamento novo que sexa necesario para a execución das actividades subvencionadas, e que se destine principalmente para este fin.
- d) A imputación doutros gastos está limitada a gastos non recorrentes e estritamente relacionados coa execución das actividades subvencionadas que non se corresponden con gastos de persoal e equipamento incluíndo, entre outros, custes de funxible e poderán subcontratar ata o 100% do importe da actividade subvencionada.
- e) Poderanse imputar custes indirectos ata un 15% da suma dos custes directos debidamente xustificadas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realizan as actividades subvencionadas, nos termos establecidos na Lei 38/2003. Non son financiáveis cando se correspondan a gastos recorrentes e só na medida en que se trate de elementos necesarios para a execución das actividades necesarias para a emisión das microcredenciais. Estes custes indirectos considéranse xustificadas, sempre e cando queden debidamente xustificadas os custes directos.
- f) Non poderán imputarse custes financeiros nin impostos indirectos, como o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).
- g) Non serán financiáveis os gastos orzamentarios e recorrentes. Todos os gastos deberán responder de xeito indubidable á natureza das actividades subvencionadas nas diferentes liñas de actuación que, en todo caso, deberán contribuír ao cumprimento dos fitos e obxectivos previstos no Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias.
Poderán imputarse os gastos efectuados dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026, entendéndose como gasto efectuado aquel que fora pagado efectivamente.
En todo caso, ningún dos gastos anteriores pode ter dobre financiamento de fondos europeos.

OITAVA. Obrigas da Consellería

1. A Consellería competente en materia de universidades transferirá os fondos para o financiamento dos gastos derivados da execución do plan, nos termos previstos no presente convenio.



2. Colaborará en todo momento coas universidades cando se lle requira apoio técnico, documental ou equivalente necesario para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ou para cumprir obrigas relacionadas cos fondos MRR.
3. Colaborará coas universidades asinantes na difusión do obxecto do presente convenio e no aseguramento da boa execución do mesmo e acadar o obxectivo fixado para a Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Compoñente 21 Inversión 6 do PRTR.
4. Cumprir coas obrigas europeas e nacionais, relativas ao financiamento do MRR e o PRTR e todas aquelas que se establezan pola normativa europea e nacional.
5. Tratar de xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e non utilizar ningún dato de xeito distinto ao obxecto do presente convenio. Así mesmo, non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo das universidades asinantes.

NOVENA. Obrigas das universidades

1. As universidades asinantes comprométese a deseñar e ofertar cursos e programas que non repliquen os xa existentes na súa oferta académica, así como integrar na docencia das microcredenciais a profesionais en activo ou especialistas no sector de que se trate, asegurando deste xeito engadir valor e cubrir nichos específicos de competencias demandadas no mercado laboral.
2. Co obxecto de cumprir o obxectivo fixado para a Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Compoñente 21 Inversión 6 do PRTR, cada universidade beneficiaria emitirá, como mínimo, o número de microcredenciais asignadas na cláusula quinta do presente convenio.
3. As universidades receptoras dos fondos xestionarán e executarán os mesmos consonte a normativa reguladora do PRTR e ao disposto no presente convenio, debendo facilitar con dilixencia e suficiente antelación a información que se lles requira respecto do destino dos fondos así como toda a documentación que acredite e xustifique a aplicación dos mesmos, para os efectos de realizar a xustificación das actuacións financiadas.



4. As universidades comprométese a non alterar a finalidade dos fondos e a cumprir todas as obrigas que establece a lexislación vixente para os perceptores de fondos públicos.

5. Facilitarán a inspección e control do órgano autonómico competente en materia de universidades co obxecto de coñecer calquera aspecto das actividades subvencionadas ao abeiro deste convenio.

6. As universidades xustificarán os fondos percibidos nos prazos e termos establecidos no presente convenio.

7. Durante a execución das accións previstas neste convenio, as universidades deberán subministrar a información para o seguimento dos fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do citado plan, para o cal deberán rexistrar na aplicación informática, de xeito continuado, o progreso dos indicadores asociados ao fito e obxectivo correspondente das microcredenciais universitarias e incorporar a documentación acreditativa que corresponda.

8. Deberán manter unha axeitada pista de auditoría das operacións e cumprir coas normas de conservación da documentación establecidas nos artigos 132 e 146 do Regulamento Financeiro da Unión e na Orde HFP/1030/2021. Con este fin, conservarán os documentos xustificativos, datos estatísticos e demais documentación relativa ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante a execución das accións previstas neste convenio e durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do dito pagamento, da operación.

9. Cada universidade deberá designar a unha persoa como coordinadora que exercerá as funcións de interlocución coa administración autonómica.

DÉCIMA. Obrigas específicas respecto da normativa reguladora dos Fondos Europeos (PRTR)

Todas as partes asinantes do presente convenio deberán cumprir as obrigas, europeas e nacionais, relativas ao financiamento do MRR, e especialmente a Orde



HPF/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o PRTR.

En concreto, as partes asinantes do presente convenio comprométese a:

1. Adoptar as medidas adecuadas e os máis altos estándares para protexer os intereses financeiros da Unión Europea e velar para que a utilización dos fondos, en relación coas medidas financiadas polo MRR, axústense ao marco legal aplicable, en particular, no que se refire á prevención, detección e adopción de medidas de corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, no marco da obriga establecida polo artigo 22 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.
2. Responder da fiabilidade e o seguimento da execución das actuacións de maneira que poida coñecerse en todo momento o nivel de consecución de cada actuación a través do reporte na Comisión de Seguimento do Convenio.
3. Establecer mecanismos que aseguren que, no seu caso, as actuacións desenvoltas por terceiros contribúen ao logro dos obxectivos do presente convenio e que os devanditos terceiros acheguen a información que, no seu caso, fora necesaria para determinar o valor dos indicadores de seguimento do PRTR.
4. Cumprir cantas disposicións comunitarias e nacionais lle resulten aplicables como destinatarias das actuacións cofinanciadas, así como someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e a avaliación continua e final por parte dos órganos europeos, estatais ou das Comunidades Autónomas que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do MRR, en particular a Comisión Europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas de conformidade co artigo 129 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18



de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se establece para ou PRTR en España.

5. Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas, no seu ámbito de xestión, sobre o cumprimento da normativa para evitar o dobre financiamento e a falsificación de documentos. Tamén se comprometen a comunicar aqueles feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade de conformidade coa cláusula décimo novena do presente convenio. Así mesmo, se comprometen a cumprir co establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, sobre a prohibición de dobre financiamento para os proxectos financiados polo MRR.
6. Asegurarse de que as actuacións que se executen en virtude do convenio respecten o principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio do not significant harm - DNSH), que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 (Regulamento taxonomía). Así dentro de cada actuación, avaliarase o cumprimento do principio DNSH sobre cada un dos 6 obxectivos medioambientais, segundo o definido na "Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (C/2023/111), así como co requirido na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do PRTR e o seu documento Anexo.
En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada investimento) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro.

A compoñente 21 ten unha contribución do 0 % á transición ecolóxica e dun 8,91% á transición dixital.

7. Identificar o perceptor final dos fondos europeos conforme ao establecido



polo artigo 8 da Orde HFP/1030/2021 e achegar a seguinte información e documentación por parte dos perceptores finais de fondos:

(i) NIF.

(ii) Nome ou razón social.

(iii) Domicilio fiscal.

(iv) Identificación da titularidade real, no sentido en que a mesma é definida polo punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2015, conforme establece o artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, en relación co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Para iso solicítase a presentación da Declaración Responsable de titularidade Real, de conformidade co punto 6 do artigo 3 da Directiva (UE) 2015/849, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2015.

(v) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea aplicable e de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo Anexo III).

(vi) Declaracións responsables relativas ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar ao ámbito obxecto de xestión que inclúe, especificamente, o compromiso para respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés do not significant harm) na execución das actuacións levadas a cabo no marco do PRTR (Modelo Anexo I e Modelo Anexo II).

8. Adoptar as medidas necesarias para que as persoas que interveñan no proceso de selección das eventuais empresas contratistas, subcontratistas ou colaboradores provenientes do presente convenio ou que interveñan nos procesos de verificación do cumprimento das súas condicións declararán coñecer e aceptar integramente e sen reservas os termos dos diferentes plans antifraude de conflito de interese, etc., esixidos na execución do PRTR, aprobados nos seus diferentes ámbitos xeográficos. Para estes efectos, incluíranse o responsable do órgano competente para a adxudicación do contrato, o persoal que redacte os pregos, bases e/ou convocatorias



correspondentes, así como os expertos e membros do comité que avalíen as ofertas ou solicitudes, incluíndo a toda aquela persoa física pertencente a entidades privadas que colaboren e asesoren á Administración en tales actuacións.

9. Nesta actuación, dentro do referido Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade sinaladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. De acordo co disposto no artigo 34.2 do devandito Regulamento (UE) 2021/241, o beneficiario fará mención da orixe deste financiamento e velará por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiamento adecuado que indique “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderrecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón: <https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACION%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

10. Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de cinco anos a partir do pagamento ou, no seu defecto, da operación (artigo 22.2f) do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro.



UNDÉCIMA. Xustificación das actuacións e gastos realizados

1-A xustificación das actuacións realizarase mediante conta xustificativa que conterá a seguinte información:

- a) Memoria técnica descritiva das actividades realizadas, distinguindo entre as realizadas en cada unha das 6 liñas de actuación definidas na cláusula segunda deste convenio, segundo o modelo do Anexo VI. Detallaranse os procedementos implantados para evitar o dano significativo ao medio ambiente e para previr, detectar e corrixir a fraude, a corrupción, o conflito de interese e o dobre financiamento nas actividades que se financian. As actividades realizadas deberán incluír unha avaliación favorable de adecuación ao principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente, segundo o establecido no artigo 2.6 do Regulamento (UE) 2021/241 e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- b) Relación detallada dos gastos e pagamentos realizados cos fondos percibidos, tanto materiais como de persoal.
- c) Cando o custe medio global da formación emitida pola universidade sexa superior ao previsto na cláusula terceira, deberá xustificarse o motivo da dita desviación.
- d) Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financien as mesmas actividades contempladas neste convenio, indicando o seu importe e procedencia. En todo caso, as actividades contempladas neste convenio, non poderán financiarse de xeito simultáneo con distintos fondos europeos.
- e) Acreditación das actuacións de comunicación realizadas nos termos do Regulamento (UE) 2021/241 e da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro.
- f) Indicación do lugar e órgano de custodia da documentación xustificativa orixinal.

2- A documentación anterior deberase presentar perante a Secretaría Xeral de Universidades de acordo cos seguintes prazos:

- A xustificación do gasto realizado e efectivamente pagado entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025, presentarase na data límite do 15 de febreiro de 2026.
- A xustificación do gasto realizado e efectivamente pagado entre 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de xuño de 2026, presentarase na data límite do 31 de agosto de 2026.



3-Así mesmo as universidades beneficiarias deberán elaborar e remitir cunha periodicidade trimestral á Secretaría Xeral de Universidades o correspondente informe de xestión e seguimento, segundo modelo do Anexo VII, no que se reflicta a evolución e alcance das actividades financiadas, coa estrutura e formato requiridos a tal efecto polo MCIU, de acordo co previsto nos artigos 8 e 12 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. Do mesmo xeito, deberán achegar, cando sexan requiridas, o estado de execución contable dos gastos imputados ás actuacións financiadas, nos termos previstos na mencionada orde. Tamén, deberán achegar coa periodicidade que estableza o Ministerio con competencias en materia de Universidades, entidade decisoria da compoñente 21, investimento 6, a información requirida das accións formativas promovidas por cada entidade e do alumnado que curse as ditas accións formativas segundo o modelo do Anexo V. Con carácter inicial, o Ministerio con competencias en materia de Universidades ten establecida unha periodicidade mensual. Este informe mensual deberá ser remitido dentro dos primeiros 3 días naturais do mes seguinte ao período de referencia, en formato dixital, segundo o modelo do Anexo V e no formato que a tal efecto estableza o ministerio.

4-As universidades beneficiarias deberán facilitar, con dilixencia e a suficiente antelación, a calquera entidade lexitimada para requirir información sobre o destino dos fondos, toda a documentación necesaria que acredite e xustifique a aplicación dos fondos recibidos, para os efectos de realizar a xustificación das actividades que se financian.

DUODÉCIMA. Resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- Incumprimento da obriga de xustificación do investimento realizado.
- Incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- Transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.



- Acordo mutuo das partes.

A finalización da vixencia do presente convenio por calquera das causas previstas, terá como efecto a súa extinción, sen prexuízo da indemnización que, por danos e prexuízos, podan reclamarse as partes nos casos en que así proceda.

En todo caso, as partes asinantes comprométese a liquidar, mediante diálogo e negociación, no seo da comisión de seguimento, cantas discrepancias puidesen xurdir no cumprimento deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. Reintegro

O incumprimento do establecido no presente convenio, así como o incumprimento dos principios e obrigas establecidos no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, e no resto da normativa da Unión Europea que sexa de aplicación, dará lugar, á vista da natureza e causas do incumprimento, á obriga de reintegro, total ou parcial, das contías percibidas, así como á esixencia do xuro de demora dende a data do pagamento ata que se acorde a procedencia de reintegro da mesma.

As universidades beneficiarias serán responsables do cumprimento das actividades que se comprometen a realizar mediante a sinatura deste convenio polo que, no caso de non realizarse o gasto ou no caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos, deberán reintegrar os fondos recibidos.

Cada universidade deberá responder das obrigas de reintegro ou das sancións que se podan impor como consecuencia do incumprimento dos compromisos adquiridos.

DÉCIMO CUARTA. Compatibilidade

A percepción destes fondos é compatible con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados nacionais, sempre que os ditos fondos non cubran os mesmos custes garantindo, deste xeito, a ausencia de dobre financiamento.

A dita compatibilidade estará condicionada a que o importe das axudas, de xeito individual ou en concorrencia con outras, non supere o custe das actividades que se financian, consonte o disposto no artigo 7.3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de



setembro.

DÉCIMO QUINTA. Comisión de Seguimento

Para garantir a correcta execución e seguimento do establecido neste convenio, constituirase unha comisión de seguimento integrada polos seguintes membros:

- Tres persoas representantes da consellería competente en materia de universidades, exercendo unha delas a presidencia da mesma.
- Unha persoa representante de cada unha das universidades asinantes.

Son funcións da comisión de seguimento as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións previstas no convenio
- Propoñer variacións entre os importes asignados a cada unha das universidades sempre que estas non supoñan cambios na distribución entre os diversos conceptos nin variacións do importe
- Resolver cantas cuestións se susciten respecto da interpretación e aplicación das cláusulas do convenio
- Elaborar un informe final no que se recollan todas as actividades desenvolvidas e os resultados obtidos
- Todas aquelas que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio

A comisión de seguimento reunirse como mínimo unha vez ao ano e, en calquera momento, previa solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e, de xeito supletorio, polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEXTA. Natureza e réxime xurídico

1. De acordo co establecido no artigo 36 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da *Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia*,



corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión...

Non é necesario promover a concorrència competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

2. Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 28 de outubro de 2022, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento de relación básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2.1.c da *Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia*).

Non obstante, as universidades deberán garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar deste extremo á Consellería por medio da comisión de seguimento.

4. En atención á tipoloxía dos fondos que financian as actuacións obxecto deste convenio, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e de xeito específico no relativo ao PRTR, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, resultarán de aplicación, de ser o caso, as seguintes disposicións:

- Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se



establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19

- Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, así como a normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se establece para o PRTR en España
- Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España, aprobado o 16 de xuño de 2021 por Decisión do Consello de Europa
- Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o PRTR.

DÉCIMO SÉTIMA. Publicidade

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal



oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS).

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto de especificacións que constan no presente convenio se publiquen no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, en concordancia coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio publicarase integramente na páxina web de cada unha das partes asinantes, con expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, para o cal as partes asinantes outorgan expresamente o seu consentimento para dar ao convenio a publicidade requirida.

As universidades e a consellería e o resto de partes que interveñan na execución deste convenio deberán cumprir as obrigas en materia de información, comunicación, divulgación e publicidade relativas ao financiamento do MRR, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo o artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 que regula o MRR e, especificamente, co establecido no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

DÉCIMO OITAVA. Confidencialidade

As partes asinantes quedan expresamente obrigadas a manter a absoluta confidencialidade e reserva sobre os datos cos que se traballa con ocasión do cumprimento do mesmo, especialmente os de carácter persoal, que non poderán copiar nin utilizar cunha finalidade distinta da que se recolle no convenio, nin ceder a outros, nin sequera para os efectos de conservación, sen contar co consentimento previo, expreso e por escrito do resto de partes.



Considérase información confidencial calquera a que as partes accedan en virtude do presente convenio, en especial a información e datos propios das partes que con tal carácter se indique, aos cales accederán durante a execución do mesmo, en especial respecto dos temas relacionados coa tecnoloxía, produtos, procedementos, procesos ou know-how das partes.

Exclúese da categoría de información confidencial toda aquela que sexa divulgada polos solicitantes, que sexa de dominio público, que deba ser revelada de acordo coas leis ou cunha resolución xudicial ou acto de autoridade competente, ou aquela que sexa necesario revelar para a correcta execución do presente convenio.

A duración da confidencialidade será indefinida mentres a mesma ostente o dito carácter, manténdose en vigor con posterioridade á finalización do presente convenio, sen prexuízo das obrigas das partes de garantir unha axeitada publicidade das actuacións financiadas con cargo ao convenio.

DÉCIMO NOVENA. Fraude, corrupción e conflito de interese

En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

Será de obrigatoria aplicación ao convenio o Plan xeral de prevención de riscos de



xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Secretaría Xeral de Universidades que se atopen vixentes e dispoñibles na seguinte ligazón:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/educacion-ciencia/plan-sxt-2024.pdf>

Ao tratarse dun convenio con beneficiarios determinados xa coñecidos aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de adjudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

“ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN/SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

Este procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano de contratación (ou órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou ao órgano que concede) no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de



decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda), os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)".

VIXÉSIMA. Propiedade intelectual

Os dereitos de autor relativos aos contidos creados ou utilizados por calquera das partes por causa das actuacións contempladas neste convenio continuarán pertencendo aos seus lexítimos titulares, agás que se acorde outra forma mediante convenios específicos con eles.

As publicacións ou resultados derivados do desenvolvemento das actuacións deberán recoñecer e facer constar a participación das persoas que interveñen por cada parte e o recoñecemento de todas as partes asinantes.

Cada parte manterá a propiedade e todos os dereitos derivados sobre os elementos, ferramentas, proxectos e, en xeral, sobre calquera achega ás iniciativas que lle pertencen con anterioridade á execución dos mesmos ou os desenvolva á marxe do convenio e non sexa directamente o resultado desta colaboración.

No suposto de resultados susceptibles de protección por algún dos títulos recoñecidos en Dereito, así como de explotación ou difusión dos ditos resultados, as partes, no prazo máximo de tres meses dende a súa obtención, comprométese a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade e as condicións da súa explotación.

En calquera caso, as partes asinantes terán dereitos intransferibles e inalienables, ilimitados e a título gratuito, sen outras condicións sobre os resultados xerados no marco do presente convenio.

Sen prexuízo do anterior, a Comisión de Seguimento decidirá o que corresponda sobre a explotación e difusión dos materiais formativos que se xeren durante a execución do convenio e con cargo ao seu orzamento. No caso de que os ditos contidos e materiais formativos pertencen a outras entidades que participen nalgunha iniciativa obxecto do convenio, deberá contarse coa previa autorización destas.

Así mesmo, se chegaran a participar terceiros nestas actuacións, deberán salvagardarse os dereitos das partes asinantes do convenio sobre os resultados obtidos, patentables ou non, xerados por quen intervén e os correspondentes dereitos sobre a súa explotación.



O réxime de asignación e uso dos dereitos acordarase expresamente antes de aprobar a participación de terceiros en cada iniciativa.

As partes asinantes deberán facer referencia ao presente convenio en todas as publicacións e comunicacións que se deriven do seu desenvolvemento.

As partes asinantes resérvanse todos os dereitos sobre as súas marcas e nomes comerciais e, en xeral, todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual anteriores que sexan achegados aos proxectos.

VIXESIMO PRIMEIRA. Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación nesta materia.

VIXÉSIMO SEGUNDA . Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades para desenvolver o presente convenio e a Consellería, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

VIXÉSIMO TERCEIRA. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que o período para a realización das actuacións previstas obxecto do mesmo sexa dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026.



E en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente convenio, na data indicada na marxe.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Ricardo José Cao Abad

Reitor da Universidade da Coruña

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo



ANEXO I

Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do



segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo, cargo e DNI)



ANEXO II

Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona.....,con DNI.....,como reitor/a da Universidade.....,con NIF....., e domicilio fiscal en....., beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR no Compoñente 21, Investimento 6 “Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: Recabar e asegurar, para os efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:
 - i. O nome do perceptor final dos fondos;
 - ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
 - iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
 - iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».
2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos



fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

(Data e firma, nome completo, cargo e DNI)



ANEXO III

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona.....,DNI.....,como reitor/a da Universidade.....,con NIF.....,e domicilio fiscal en.....na condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR no Compoñente 21, Investimento 6 “Plan para o desenvolvemento de microcredenciais universitarias», manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do not significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

(Data e firma, nome completo, cargo e DNI)



ANEXO IV

Modelo de declaración responsable sobre o cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos medioambientais (DNSH) segundo o artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852

Don/Dona, con DNI, en calidade de reitor da Universidade, con NIF, e domicilio fiscal en declara baixo a súa responsabilidade:

Que a Universidade..... á que representa, tendo en conta todas as fases do ciclo de vida do proxecto ou actividade a desenvolver, tanto durante a súa implantación como ao final da súa vida útil, cumprirá co principio DNSH de "non causar un prexuízo significativo" esixido polo Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, de xeito que:

1. Non causa un prexuízo significativo aos seis obxectivos medioambientais do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 que se enumeran de seguido:
 - a) Mitigación do cambio climático: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á mitigación do cambio climático se dá lugar a considerables emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI).
 - b) Adaptación ao cambio climático: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á adaptación ao cambio climático se provoca un aumento dos efectos adversos das condicións climáticas actuais e ás previstas no futuro, sobre si mesma ou nas persoas, a natureza ou os activos.
 - c) Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo ao uso e protección sustentables dos recursos hídricos e mariños se vai en detrimento do bo estado ou do bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as superficiais e as subterráneas, e do bo estado ecolóxico das augas mariñas.
 - d) Economía circular, incluíndo a prevención e reciclaxe de residuos: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á economía circular, incluíndo a prevención e reciclaxe de residuos, se xera importantes ineficiencias no uso de materiais ou no uso directo ou indirecto de recursos naturais; se dá lugar a un aumento significativo da xeración de residuos, o tratamento mecánico-biolóxico, incineración ou depósito en vertedoiro de residuos: ou se a eliminación de residuos a



longo prazo pode causar un prexuízo significativo a longo prazo para o medioambiente.

- e) Prevención e control da contaminación ao aire, a auga ou o solo: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á prevención e control da contaminación cando dá lugar a un aumento significativo das emisións contaminantes ao aire, a auga ou o chan.
 - f) Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas: considérase que unha actividade causa un prexuízo significativo á protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas cando vai en gran medida en detrimento das boas condicións e a resiliencia dos ecosistemas, ou vai en detrimento do estado de conservación dos hábitats e as especies, en particular de aqueles de interese para a Unión.
2. Non desenvolve actividades excluídas segundo o indicado pola Guía técnica sobre a aplicación do principio de “non causar prexuízo significativo” en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. As actividades excluídas son:
- Refinerías de petróleo.
 - Centrais térmicas de carbón e extracción de combustibles fósiles.
 - Xeración de electricidade e/ou calor usando combustibles fósiles e relacionados coa súa infraestrutura de transporte e distribución.
 - Eliminación de residuos (por exemplo, nucleares, que poidan causar danos a longo prazo ao medioambiente).
 - Investimentos en instalacións para a deposición de residuos en vertedoiros ou investimentos en plantas de tratamento biolóxico mecánico (MBT) que impliquen un aumento da súa capacidade ou da súa vida útil (agás plantas de tratamento de residuos perigosos non reciclables).
3. Non prevé efectos directos do proxecto ou actividade a desenvolver sobre o medioambiente, nin efectos indirectos primarios, entendendo como tales os que puideran materializarse, logo da súa finalización, unha vez realizado o proxecto ou actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar, previo oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver as sumas percibidas e os xuros de demora correspondentes.

(Data e firma, nome completo, cargo e DNI)



ANEXO V

Modelo de informe mensual de seguimiento das accións formativas

Don/Dona, con DNI, en calidade de reitor da Universidade, con NIF, e domicilio fiscal en informa:

Que a Universidade..... á que representa, en cumprimento do establecido no convenio de colaboración asinado no marco da Compoñente 21, Investimento 6 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), remite o presente Informe Mensual de seguimento.

Este informe inclúe a seguinte información estruturada nun ficheiro Excel con catro follas:

1. Folla 1 - Instrucións:

Nesta folla explícase como cubrir correctamente o ficheiro Excel, asegurando que a información rexistrada sexa coherente e completa. Indícanse as normas xerais para cumprimentar os criterios específicos sobre os datos que se deben recoller en cada folla e as indicacións respecto ao formato do documento. Ademais, proporciónase orientación sobre como se deben interpretar e documentar os valores económicos, así como a forma en que se deben denominar os ficheiros para facilitar a súa identificación.

2. Folla 2 – Accións Formativas:

Contén os datos das accións formativas desenvolvidas, detallando:

- Identificador único da acción formativa
- Abreviatura do promotor
- Universidade / Organismo promotor
- DIR3 (Promotor)
- Entidade formadora
- CIF (Formador)
- Título da acción formativa
- Área profesional / laboral á que se destina a formación
- Número de créditos ECTS
- Horas lectivas por crédito
- Data de inicio
- Data de finalización



- Importe das diferentes partidas de custo:
 - Producción da formación
 - Actividades instrumentais
 - Intermediación
 - Bolsas
 - Actividades de xestión
 - Seguimento e avaliación

3. Folla 3 – Beneficiarios de Microcredenciais:

Recollerá a información relativa aos beneficiarios das microcredenciais, especificando:

- Identificador único da acción formativa
- Abreviatura do promotor
- NIF
- Nome do beneficiario
- Idade entre 25 e 64 anos (S/N)
- Código postal
- Comunidade autónoma do beneficiario
- Provincia do beneficiario
- Municipio do beneficiario
- País do beneficiario
- Contía da bolsa recibida
- Data de inicio da formación
- Créditos ECTS completados
- Emisión da microcredencial (S/N)
- Universidade emisora
- Causa da non emisión da microcredencial
- URL da microcredencial

4. Folla 4 – Repositorio de Microcredenciais

Esta folla inclúe o rexistro das microcredenciais emitidas, detallando:

- Comunidade Autónoma
- Universidade
- Microcredencial
- Ámbito de coñecemento
- Modalidade de impartición (Presencial, Virtual ou Híbrida)
- Duración en créditos ECTS (máximo 15 ECTS)
- Requisitos de acceso



- Acumulabilidade (S/N)
- Certificación (tipo de certificación dixital: Europass, etc.)
- Datas de inicio e fin da formación
- Prezo para o estudante
- Subvención para o estudante (S/N)
- Centro no que se imparte
- Coordenadas xeográficas (Latitude e Lonxitude)
- Dirección do centro
- Teléfono de contacto
- Rexistros de recepción de demandas formativas
- Correo electrónico de información xeral
- URL da microcredencial
- URL da lista definitiva de admitidos

(Data e sinatura, nome completo, cargo e DNI)



ANEXO VI

Modelo de informe de xustificación das actuacións

Don/Dona, con DNI, en calidade de reitor da Universidade, con NIF, e domicilio fiscal en informa:

Que a Universidade á que representa, en cumprimento do establecido no convenio de colaboración asinado no marco da Compoñente 21, Investimento 6 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), remite o presente Informe de xustificación das actuacións, correspondente ao período comprendido entre __ de _____ de 20__ e o __ de _____ de 20__.

1. Actividades realizadas:

A Universidade certifica que, durante o período indicado, leváronse a cabo as seguintes actividades no marco da execución do convenio:

Actividade Formativa	Microcredenciais asociadas	Data de inicio	Data de finalización	Descrición	Resultados acadados

2. Relación detallada dos gastos e pagamentos realizados.

Neste apartado inclúense os custos asociados á execución do programa, especificando os gastos realizados correspondentes ás seis actuacións financiáveis.

Actividade Formativa	Produción de formación conducente a microcredenciais	Actividades instrumentais	Actividades de intermediación	Costes de xestión	Axudas ao acceso	Avaliación e transferencia



Observacións adicionais:

.....

.....

.....

.....

.....

3. Xustificación de desviacións no custe medio global da formación.

Este apartado recolle as desviacións que puidesen producirse entre o custe estimado e o custe real da formación impartida. Para cada acción formativa deberase indicar a desviación, así como as razóns que a motivaron, asegurando a transparencia na xestión dos recursos.

Acción formativa	Custe medio previsto (€)	Custe medio real (€)	Motivo da desviación

Observacións adicionais:

.....

.....

.....

.....

.....

4. Relación doutros ingresos ou axudas.

A continuación, indícanse outras fontes de financiamento, detallando a súa orixe e importe recibido.

Fonte de financiamento	Importe (€)
Total	

5. Acreditación das actuacións de comunicación.



A continuación, inclúense as accións de comunicación realizadas para a difusión do programa, detallando as datas e os medios empregados.

Acción de comunicación	Data	Medio utilizado

6. Seguimento do principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH).

As actuacións do Programa de Microcredenciais teñen un impacto insignificante ou nulo sobre os obxectivos medioambientais, tal e como se recolle na Avaliación do principio DNSH da Compoñente 21, Investimento 6. A Universidade certifica que, a través do Programa, non se están a promover actividades que directa ou indirectamente ocasionen prexuízo significativo ao medio ambiente. Ademais, adoptáronse as seguintes medidas:

- Formación 100% dixital ou híbrida para minimizar a pegada de carbono.
- Uso de plataformas de formación sostibles.
- Redución do consumo de materiais físicos (papel, impresións, etc.).
- Xestión responsable de residuos tecnolóxicos e electrónicos.
- Sensibilización ambiental a través dos contidos formativos.
- Outras medidas adoptadas (especificar):

.....
.....
.....
.....

7. Seguimento da prevención de fraude, corrupción, conflito de intereses e dobre financiamento.

Co obxectivo de garantir a transparencia e a correcta aplicación dos fondos asignados, certifícase a posta en marcha dos seguintes mecanismos de control:

- Sistema de auditoría interna e supervisión dos recursos financeiros.
- Rexistro e documentación detallada das actividades financiadas.



- Declaracións de ausencia de conflito de intereses asinadas polos axentes implicados.
- Mecanismo de denuncia interna habilitado para posibles irregularidades.
- Verificación da orixe dos fondos para evitar dobre financiamento.
- Contabilidade separada ou código contable adecuado para todas as transaccións do Programa.
- Outras medidas levadas a cabo (especificar):

.....
.....
.....
.....

8. Indicación do lugar e órgano de custodia da documentación xustificativa. A continuación, especifícase a localización e o organismo responsable da custodia dos documentos xustificativos do programa:

- Lugar de custodia:
- Órgano responsable:

9. Observacións adicionais:

.....
.....
.....

O Reitor da Universidade é coñecedor de que, en caso de incumprimento das obrigas establecidas no convenio, poderá levarse a cabo unha revisión do caso para avaliar as medidas correctoras oportunas, garantindo sempre a proporcionalidade e adecuación ás circunstancias.

(Data e sinatura, nome completo, cargo e DNI)



ANEXO VII

Modelo de informe trimestral de xestión e seguimento

Don/Dona, con DNI, en calidade de reitor da Universidade, con NIF, e domicilio fiscal en informa:

Que a Universidade..... á que representa, en cumprimento do establecido no convenio de colaboración asinado no marco da Compoñente 21, Investimento 6 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), remite o presente informe trimestral de xestión e seguimento, correspondente ao período comprendido entre __ de _____ de 20__ e o __ de _____ de 20__.

1. Estado de execución das actividades financiadas:

A Universidade certifica que, durante o período indicado, leváronse a cabo as seguintes actividades no marco da execución do convenio:

Actividade	Data de inicio	Data de finalización prevista	Estado de execución (%)	Observacións

2. Estado de execución contable dos gastos imputados:

A continuación, recóllese o estado de execución contable dos gastos imputados ás actuacións financiadas, conforme aos termos previstos na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro:

Concepto	Orzamento asignado (€)	Gasto executado (€)	% de execución

3. Impacto e avaliación do programa:

Neste apartado analízase o impacto do programa e os seus principais resultados no período de referencia:



Indicador	Valor absoluto	% de avance respecto ao previsto*
Número total de alumnos/as matriculados/as		
Número total de alumnos/as que finalizaron a formación		
Taxa de finalización das microcredenciais (%)		
Nivel de satisfacción do alumnado (se aplica)		

* % de avance = $(\text{Obxectivo previsto} / \text{Valor absoluto}) \times 100$

a) Horas de formación impartidas:

- Total de horas impartidas no período:
- Modalidade da formación (presencial, online, híbrida):

b) Colaboración con entidades externas:

- Acordos asinados: Si / Non
- Nome das entidades colaboradoras (se procede):

.....

.....

.....

.....

4. Incidencias e accións correctoras:

A continuación, detállanse as incidencias detectadas no desenvolvemento do programa e as accións adoptadas para a súa corrección:

Incidencia detectada	Acción correctora aplicada	Estado de resolución
		<input type="checkbox"/> Resolto / <input type="checkbox"/> En proceso
		<input type="checkbox"/> Resolto / <input type="checkbox"/> En proceso
		<input type="checkbox"/> Resolto / <input type="checkbox"/> En proceso
		<input type="checkbox"/> Resolto / <input type="checkbox"/> En proceso

5. Observacións adicionais:

.....

.....



.....

.....

A Universidade recoñece a importancia do cumprimento das obrigas establecidas no convenio e manifesta a súa disposición para atender calquera solicitude de información ou revisión sobre a execución das actuacións financiadas, garantindo a transparencia e a correcta aplicación dos fondos.

(Data e sinatura, nome completo, cargo e DNI)

